

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 3 DE FEBREIRO DO 2014.**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DATA: 3 de febreiro do 2014.

HORA DE COMEZO: 20:10 h.

HORA DE REMATE: 21:10 h.

**ASISTENTES:**

D. Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco e D. José Luis Gestido Porto.

**AUSENTES:** D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Fede Fernández.

**SUPLENTE:** D. Jesús Manuel Graña Graña e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

**ORDE DO DÍA:**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 27 DE XANEIRO DO 2014.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar sobre a mesa, pendente de aprobación, o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 27 de xaneiro do 2014.

**URBANISMO E VIVENDA**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 30 DE XANEIRO DO 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) **LICENZA DE OBRAS MAIORES.**- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de

propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE Nº 17.892.- LICENZA MUNICIPAL Nº 14.903.-** A Manuel González Broullón, con enderezo en Rúa Nova, nº 9-Cangas, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as superficies construídas, de acordo cos planos definitivos presentados, son: 57,25 m<sup>2</sup>., de planta baixa, 47,20 m<sup>2</sup>., de primeiro andar, outros tantos de segundo andar, 37,63 m<sup>2</sup>., de aproveitamento baixo cuberta e 9,63 m<sup>2</sup>., de terraza.

## 2.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE Nº 24.466.-** O tramitado a instancia de María del Carmen Fernández Soage, con enderezo nas Gruncheiras, nº 43-Coiro, para clausura de fosa séptica, cambio de tubería e conexión á rede xeral de sumidoiros, foi denegada porque a vivenda que se pretende conectar, a pesar de ser antiga, foi restaurada, alomenos na cuberta e chorreado e encintado de paredes, sen a correspondente licenza municipal.

**EXPEDIENTE Nº 24.725.-** O recurso potestativo de reposición interposto por María A. F. Castroviejo Bolívar, contra acodo da Xunta de Goberno Local, de data 7 de outubro de 2013, foi desestimado con base no informe emitido ao respecto pola xefa do Servizo de Urbanismo, que indica o seguinte:

*"ANTECEDENTES:*

*PRIME IRO.- En data 7 de outubro de 2013, a Xunta de Goberno Local de Cangas acordou a denegación da licenza de obra solicitada por MARÍA A. F. CASTROVIEJO BOLÍBAR, para colocación de postes e malla metálica sobre cerramento de pedra existente, por non axustarse ás determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas NN.SS de Planeamento do Concello de Cangas: ordenanza de aplicación: título V das Normas Urbanísticas II, sistemas viarios. O cerramento obxecto de ampliación atópase en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade co planeamento vixente polo que soamente se poderán levar a cabo obras de conservación, por non cumprir as determinacións da ordenanza de aplicación URNU.*

*O acordo no que se indicaban o réxime de recursos aplicables e os prazos para interpoñelos foi notificado ó interesado, en prazo e forma.*

*'Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, ante o mesmo órgano que o dicta no prazo de UN MES, contado a partir do día seguinte a esta notificación, ou RECURSO CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado de maneira idéntica, sen prexuízo de que os interesados/as poidan exercitar calquera outro que estimen procedente.*

*... No suposto de interposición do recurso de potestativo de reposición, éste entenderase desestimado se, no prazo de un mes, computado desde o día seguinte a tal interposición, o órgano competente para resolvelo non dictara e notificara resolución expresa..." como sinala a lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común. O artigo 44.3 da mencionada lei tamen puntualiza que: 'Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ó vencimento do prazo adoptárase pola administración sen vinculación ningunha ó sentido do silencio.'*

*SEGUNDO.- En data 29 de novembro de 2013, rexistro de entrada 12.697 no concello o 9 de decembro do mesmo ano, (nº 14.021) MARÍA A. F CASTROVIEJO BOLÍBAR, presenta RECURSO DE REPOSICIÓN solicitando que se dicte resolución repoñendo a recorrida e outorgando a licenza solicitada e, subsidiariamente que se decrete a nulidade da resolución recorrida por falta de motivación e carecer dos preceptivos informes técnicos e xurídicos.*

#### *LEXISLACIÓN APLICABLE:*

- Os artigos 194 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA).*
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas.*
- Decreto 28/1999, d 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e Aplicación da lei do Solo de Galicia (RDU).*

#### *CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS*

*I.- Da documentación obrante no expediente compróbase denegación expresa da licenza ditada pola Xunta de Goberno Local en data 7 de outubro de 2013, notificada en tempo e forma.*

*O recurso de reposición formulado baséase nas seguintes alegacións:*

*A recorrente indica que se denegou a licenza solicitada sen causa que motive dita denegación, sinala que o feito de que non exista deseño urbanístico e que as normas subsidiarias sexan antigas e, en caso contrario á posterior lexislación urbanística, fai que para o particular sexa difícil coñecer a realidade da lexislación vixente. Alega que o concello carece de páxina web sendo por oso imprescindible que as resolucións sexan debidamente motivadas.*

*De acordo coa DT 1 f) da LOUG ao solo clasificado polo planeamento vixente aprobado con anterioridade á entrada en vigor da LOUG, como solo non urbanizable, aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo rústico. Resulta de aplicación o establecido no artigo 103 da LOUG para construción fóra de ordenación por total incompatibilidade como sinala o arquitecto municipal no seu informe de data 5 de setembro de 2013, o cal ratifica tras a presentación das alegacións formuladas pola recorrente.*

*- Consideran que a resolución recorrida non está debidamente fundamentada e alegan que existindo autorización do servizo de costas para as obras realizadas debe existir una fundamentación para denegar a licenza solicitada que sirva de base, segundo o manifiestan para ordear a reposición do cerramento ao seu estado anterior.*

*Esta alegación debe ser igualmente desestimada ó resultar irrelevante, os usos do solo deben cumprir coas normas ditadas en materia de ordenación urbanística, independentemente de que o uso estea permitido pola normativa reguladora de custos. O eventual outorgamento de autorización en materia de custos para realizar as obras executadas, non exime ao seu titular do deber de obter a correspondente licenza municipal para levar a cabo as construcións executadas, por tratarse dun suposto de competencias concorrente que cada unha das administracións actuantes exercen con facultades de intervención propias (sentenza TSXG 15 de setembro de 2005).*

*Indican que nos predios contiguos foron realizados cerramentos do mesmo tipo, sen que lle conste que aos propietarios destes lles fose aberto expediente ningún ou denegado a licenza, polo que consideran que se produce un agravio comparativo a apertura deste expediente.*

*Cómpre sinalar respecto deste punto, á aplicación das normas de forma igualitaria para todos os/as veciños/as, a Sentenza núm. 527/2005 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 30/06/2005, sinala que: 'o principio de igualdade soamente pode ser invocado dentro da legalidade vixente e non respecto de situacións que non se axusten a ela, ben por ser anterior ou por non respectala.'*

*Indican que na resolución recorrida non se transcriben os informes técnicos e xurídicos que serviron de base para a denegación da licenza de obras nº 23.617 A.*

*Esta alegación debe ser desestimada toda vez que dito expediente foi informado e así o proba a recorrente ó incorporar, ao seu recurso, copia do informe do arquitecto municipal.*

*Solicitan que se dicte resolución repoñendo a recorrida e ditando outra pola que se acordou outorgar a licenza solicitada. Subsidiariamente solicitan que se declare a nulidade da resolución recorrida por falta de motivación xurídica e carecer de informes técnico e xurídico.*

*Obra no expediente informe do arquitecto municipal de data 5 de setembro de 2013, no que considera as obras como ilegalizables e así o ratifica o día 28 de xaneiro de 2014,*

*Por todo o exposto, RESOLVO:*

*PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por MARÍA CASTROVIEJO BOLÍBAR, contra o acordo da Xunta de Goberno Local do día 7 de outubro de 2013, polo que se denegou licenza de obras para colocación de postes e malla metálica sobre cerramento de pedra existente no lugar de Mendiña-Aldán, por non axustarse ás determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas NN.SS. de Planeamento do Concello de Cangas; ordenanza de aplicación: título V das Normas Urbanísticas II, sistemas viarios. O cerramento obxecto de ampliación atópase en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade co planeamento vixente, polo que, soamente se poderán levar a cabo obras de conservación, polos motivos expostos no corpo deste informe, ratificando a resolución recorrida en todo os seus termos."*

#### 2.A.3) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

##### **EXPEDIENTE Nº 18.955.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR MANUEL DOPICO LAMAS E MARÍA DEL CARMEN MARTÍNEZ FONTÁN**

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, con data 22 de xaneiro de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Manuel Dopico Lamas e María del Carmen Martínez Fontán, con enderezo na Avda. de A Coruña, nº 93-Darbo, para vivenda sita en San Pedro-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 18.657.

#### 2.A.4) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE Nº 24.414.-** O tramitado a instancia de "INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA, S.L.U.", con enderezo en Rúa Fernando Conde, nº 87-4º C-36 680-A ESTRADA, para canalización subterránea en Rúa Atranco-Cangas para liña eléctrica, acórdase declaralo caducado de

conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 4 de febreiro de 2013.

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

**EXPEDIENTE Nº 24.150.-** A "GAS GALICIA S.D.G. S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en Rúa Real, nº 1-11-Cangas, executar unha canalización de 54,00 metros e 4 acometidas, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Nin durante o período de festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro), nin durante as de Semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Deberá repoñer a pavimentación de pedra entre as edificacións e o eixo da Rúa Real, resolvendo a pavimentación de forma continua e non formando parches ou remendos nesta. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de CATRO MIL CATROCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (4.482,94 €), para responder das obras de reposición da vía pública. Debe poñerse en contacto coa empresa UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., para executar as obras ao mesmo tempo, xa que para ese mesmo tramo tamén se concede licenza na mesma data.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**EXPEDIENTE N° 24.693.-** A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., con enderezo en Trav. de Vigo, nº 104-Vigo, para en Rúa Real, nº 11-Cangas, executar 45,00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Nin durante o período de festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro), nin durante as de Semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.



Deberá repoñer a pavimentación de pedra entre as edificacións e o eixo da Rúa Real, resolvendo a pavimentación de forma continua e non formando parches ou remendos nesta. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas. Así mesmo, a compañía deberá realizar a retirada do cableado das fachadas da rúa pola que discorre a canalización nova e proceder ao seu soterramento, deixando en aéreo só as acometidas aos particulares. Especialmente na Praza da Constitución, onde a compañía montou un poste de madeira no medio da rúa desde hai anos ao non acometer o recuado de cableado ás tubaxes existentes na canalización soterrada. Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de DOUS MIL SEISCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS (2.652,00 €), para responder das obras de reposición da vía pública. Debe poñerse en contacto coa empresa GAS GALICIA S.D.G. S.A., para executar as obras ao mesmo tempo, xa que para ese mesmo tramo tamén se concede licenza na mesma data.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**EXPEDIENTE Nº 24.835.-** A Evaristo Gil Moldes, con enderezo en Balea, nº 13-Darbo, para no referido lugar, construír un asadoiro de 2,00 m<sup>2</sup>., de conformidade coa documentación presentada o 12 de decembro de 2013.

**EXPEDIENTE Nº 24.845.-** A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MIRAMAR, con enderezo en Rúa Fomento 39-41, para no referido lugar, acondicionar a fachada de conformidade co estudo técnico de novembro de 2013.

**EXPEDIENTE Nº 24.874.-** A Jesusa Canosa Piñeiro, con enderezo en Camiño Bacelar, nº 6-Piñeiro-Aldán, para no referido lugar, reparar e substituír as

celosías e colocación de tela plástica verde de polipropileno utilizado na agricultura en 70,50 metros, de conformidade coa documentación presentada.

**EXPEDIENTE Nº 24.880.-** A Francisco José Costas Iglesias, con enderezo no Tobal, nº 22-Darbo, para no referido lugar, efectuar un novo revestimento de fachada en 56,00 m2., de conformidade co proxecto de decembro de 2013.

**EXPEDIENTE Nº 24.882.-** A Jesús Portas Menduiña, con enderezo en Pinténs, nº 92-O Hío, para nas Uchas-Vilanova-O Hío, construír un cerramento de 47,60 metros, de conformidade coa documentación presentada.

**EXPEDIENTE Nº 24.884.-** A ANCORADOURO, S.L., con enderezo en Rúa Aragón, nº 2-baixo-Cangas, para en Cima de Vila-Darbo, construír un tramo de cerramento de 6,90 metros liñais no fronte da parcela, de conformidade coa documentación presentada.

Pola Inspección Municipal de Obras, instruírse o correspondente expediente de disciplina urbanística polo resto dos cerramentos construídos sen licenza, tanto nesta parcela coma nas outras 3.

**EXPEDIENTE Nº 24.885.-** A Victoriano Veloso Moreda, con enderezo en Rúa Carlos Vázquez Yáñez, nº 5-36 390-Vigo, para en Pinténs-O Hío, retirar a maia metálica dun cerramento e cortar os tubos de ferro que a sostén, nunha lonxitude de 50,00 metros, de conformidade coa documentación presentada.

## **2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

**EXPEDIENTE Nº 24.907 E Nº 1.674.-** A Ana Delma Menezes Constantino, con enderezo en Rúa Derribo, nº 7-5º-Cangas, para na Avda. Méndez Núñez, nº 5-baixo- Cangas, acondicionar interiormente un local para restaurante de 4ª categoría, de 60,41 m2., de conformidade co proxecto de setembro de 2013.

Non se poderá comezar a actividade mentres non se efectúe polo técnico municipal e xefe local de Sanidade a correspondente comprobación.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo, polo que, en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederá a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación, no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

## **SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER**

**3º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 30.1.14, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

*"En relación ao Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achégase a proposta correspondente para:*

*\* Baixa de don José Q. P., beneficiario de SAF, pola quenda de dependencia co expediente 3600801001475."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

## **EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO**

### **4º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDES DE CONCESIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE.**

#### **4.A) DAR CONTA DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO, RELATIVA Á AUTORIZACIÓN DE UN POSTO DE VENDA AMBULANTE**

Dase conta de proposta do día 23.1.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á autorización de un posto de venda ambulante, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE*

#### **ANTECEDENTES:**

*Por escrito presentado no Rexistro Xeral deste concello o día 27/12/2013, Assane Faye Diagne, con DNI 77466729S e domicilio na Avda. Peirao Besada, nº 6, 3ºI-36 163, Poio-Pontevedra, solicita autorización para a colocación de un posto de venda ambulante aos venres, igual ao que xa ten aos martes, cunha extensión de 6 metros aproximadamente.*

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

*I.- Como sinala o artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no Termo Municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, do 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.*

*Tendo en conta esta previsión e considerando a falta de espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercadillo, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polo interesado.*

*II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.*

*Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Desestimar a solicitude dunha autorización para un posto de venda ambulante para os venres, presentada o 27/12/2013 por Assane Faye Diagne, con DNI 77466729S, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á autorización de un posto de venda ambulante.

#### B) DAR CONTA DE PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO, RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DE UN POSTO DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 23.1.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a autorización de un posto de venda ambulante, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DE UN POSTO DE VENDA AMBULANTE*

#### *ANTECEDENTES:*

*Por escrito presentado no Rexistro Xeral deste concello o día 20/12/2013, José Andrés Domínguez Abeledo, con DNI 34972340N e domicilio en Rúa Montepenagaches, 2º-BJ, Ourense, solicita autorización para a colocación de un posto de venda ambulante de polbo, cunha carpa de 2x2 metros, na Avenida Montero Ríos, para todas as fins de semana e festivos do ano, a partir de xaneiro de 2014.*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

*I.- Establece o artigo 8 Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no Termo Municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, do 8 de abril de 2013) que "só poderán expoñerse e venderse produtos autorizados, tales como artigos téxtiles, de peí, calzado, artesanía, cestería, ornato de pequeno volume, material de Nadal, cosmética, perfumería, quincalla, libros, aparatos de radio, Cd, DVD, plantas, sementes, ferramenta e maquinaria agrícola, xoguetes, árbores e outros análogos". Así mesmo, o aludido artigo sinala que "os agricultores poderán vender directamente os produtos do campo tales como verduras, legumes e froitas, sen xustificar a alta no Imposto de Actividades Económicas, nin afiliación á Seguridade Social, previa manifestación de que tales produtos son sobrantes de consumo familiar propio procedente de excedentes de produción, que será comprobado (non permitíndose a venda de produtos fóra de tempada).*

*Por outra banda, o artigo 9 da referida ordenanza dispón que: 'queda expresamente prohibida a venda ambulante no mercado de animais de compañía, carnes, aves e caza frescas, refrixeradas ou conxeladas, pescados e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, leite certificada e leite pasteurizada, pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados e outras semiconservas, así como, aqueles outros produtos que supoñan un risco sanitario polas súas características a xuízo das autoridades competentes.'*

*Tendo en conta o preceptuado por estes artigos, e considerando a natureza do produto que pretende comercializar o/a interesado/a, cabe concluír que nos atopamos ante un dos produtos cuxa venda ambulante non está autorizada pola ordenanza.*

*Cabe engadir que o parágrafo segundo do aludido artigo 9, no seu inciso final, establece que se permitirá a venda dos produtos anteriormente citados, cando a xuízo das autoridades sanitarias competentes se dispoña das axeitadas instalacións frigoríficas e os produtos estean debidamente envasados, pero en calquera caso, o interesado, na súa solicitude, non acredita o cumprimento destes requisitos.*

*2.- Afondando nas condicións esixidas pola Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante, respecto da venda de alimentos, cabe facer especial mención aos parágrafos segundo e terceiro do seu artigo 10. Neles establécese, respectivamente, que: 'os artigos á venda deberán cumprir o establecido en materia de sanidade e hixiene especialmente cando se trate de produtos perecedoiros.'; e que: 'os alimentos cumprirán a normativa sanitaria esixida para cada un deles, sendo indispensable que se presenten, etiquetados, protexidos, con rexistro sanitario e refrixerados aqueles produtos cuxa normativa así o esixa. Todos os alimentos deben estar protexidos da contaminación polo pó, insectos e outras fontes de sucidade evitando a súa manipulación polo público, o contacto directo co solo e a incidencia directa do sol e a choiva. Os produtos a granel e sen envoltura deberán expoñerse para a*

*venda protexidos mediante recipientes ou vitrinas que reúnan as condicións hixiénicas esixibles e, na súa manipulación, utilizáronse utensilios adecuados.'*

*Novamente, cabe indicar que a solicitude presentada polo/a interesado/a non acredita nin o cumprimento da normativa sanitaria que poida resultar aplicable, nin a adopción das medidas que garantan a protección dos alimentos, nos termos expresados pola ordenanza.*

*3.- En calquera caso e á marxe das consideracións efectuadas con relación ao produto para cuxa venda solicita autorización o interesado, cabe indicar que, como regra xeral, non cabe autorizar o exercicio da venda ambulante en lugares e datas distintos aos fixados pola Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante.*

*Así, en canto ao lugar destinado ao exercicio da venda ambulante, dos puntos tres e catro do artigo 4 da ordenanza, extráese que o mercado ambulante municipal se empraza como regra xeral no contorno da Praza de Abastos e Avda. Eugenio Sequeiros, sen prexuízo de que o concello poida modificar dito emprazamento por causa de forza maior, de interese xeral ou municipal, mediante resolución de Alcaldía ou, de ser o caso, acordo da Xunta de Goberno. En canto ás datas fixadas pola ordenanza para o exercicio da venda ambulante, o parágrafo primeiro do seu artigo 5 é claro ao determinar que: como regra xeral, 'os días de mercado serán todos os martes e venres do ano, que non poderán coincidir coas festividades.'*

*Tendo en conta o exposto, conclúese que a solicitude presentada por José Andrés para a colocación de un posto de venda ambulante na Avda. Montero Ríos, no que poder exercer a venda ambulante todas as fins de semana e festivos, é claramente incompatible coa ordenanza.*

*4.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.*

*Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Desestimar a solicitude dunha autorización para un posto de venda ambulante de polbo na Avda. Montero Ríos, para todas as fins de semana e festivos do ano 2014, presentada o día 20/12/2013 por José Andrés Domínguez Abeledo, con DNI 34972340N, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente á autorización de un posto de venda ambulante.

## **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

### **5º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.**

#### **5.A) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE OLGA COSTAS PENA.**

Visto o escrito presentado o día 16.1.14 por OLGA COSTAS PENA, con enderezo en Rúa Cela, nº 2-3ºC-Darbo, no que reclama sinalización para a zona da rúa paralela á Rúa Cela en Ximeu, porque os vehículos circulan a gran velocidade tanto nun sentido como noutro.

Dase conta, así mesmo, do informe emitido o día 21.1.14 pola Policía Local, que indica o seguinte:

*"A Policía Local de Cangas, por medio do presente informe fai constar que con relación a escrito presentado por Olga Costas Pena, sobre circulación en rúa paralela a Rúa Cela, faise constar que xa foi presentado plan de tráfico desta e remitido a Xunta de Goberno para a súa aprobación".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda comunicar á Sra. Costas Pena o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

#### **5.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN RÚA FOMENTO.**

Visto o informe emitido o día 21.1.14 pola Policía Local, referente a sinalización en rúa Fomento, que di o seguinte:

*"A Xefatura da Policía Local de Cangas ten a ben informar que tal e como comprobaron as patrullas de servizo en Rúa Fomento, onde se entregaron tarxetas de acceso é polo que se está desenvolvendo unha campaña de vixilancia e denuncia, foi detectada una deficiencia na sinalización que permitiría acceder vehículos á citada rúa a través da súa confluencia coa Praza do Costal e coa Rúa Saralegui.*

*Polos feitos expostos solicita a colocación de un sinal de entrada prohibida 'R-101', na citada Rúa Fomento, á altura e confluencia coa baixada da Praza do Costal."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Policía Local e á Oficina Técnica Municipal.

5.C) DAR CONTA DE PROPOSTA DE ACORDO RESOLUTORIO DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR GUADALUPE PORTELA CORDEIRO E EMILIO BALLESTEROS CASAL FRONTE AO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21/10/13 EN RELACIÓN Á SINALIZACIÓN DO CAMIÑO BOUZA VELLA (NERGA)

Vista a proposta da concelleira de Seguridade, Tráfico, Policía Local e Protección Civil, emitida o día 27.1.14, referente a resolución de recurso de reposición formulado por Guadalupe Portela Cordeiro e Emilio Ballesteros Casal, fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local do día 21.10.13. en relación á sinalización do Camiño Bouza Vella en Nerga, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DE ACORDO RESOLUTORIO DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR GUADALUPE PORTELA CORDEIRO E EMILIO BALLESTEROS CASAL, FRONTE AO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 21/10/13, EN RELACIÓN Á SINALIZACIÓN DO CAMIÑO BOUZA VELLA (NERGA)*

*Con rexistro de entrada nº 8 975 de 23/07/2013, Guadalupe Portela Cordeiro e Emilio Ballesteros Casal, solicitaron a retirada do sinal de tráfico de dirección prohibida situado no comezo do Camiño da Bouza Vella en Nerga, parroquia do Hío.*

*Solicitado informe sobre o solicitado á Policía Local este foi emitido o día 27/09/2013, sendo ratificado por acordo de Xunta de Goberno Local o día 21/10/2013, do que se deu traslado aos interesados, e que conclúe, en síntese, que o sinal debe continuar na mesma situación.*

*Contra o acordo de Xunta de Goberno Local citado interpúxose polos interesados recurso de reposición o 27/12/2013.*

*Solicitado novo informe á Policía Local sobre o contido do recurso de reposición formulado, este é emitido o 16/01/2014 e nel, fronte ao exposto polos interesados, se sinala que se puido comprobar que 'o tramo de acceso ao Camiño Bouza Vella en Nerga, non conta co ancho suficiente para permitir a circulación nos dous sentidos.' Sinalando tamén que 'a situación se agrava como na maior parte das zonas próximas a praias nos meses de verán, creando problemas de tráfico', motivos polos que o informe conclúe que 'a Policía Local, se ratifica no contido do informe emitido no seu día, debendo acceder ao seu domicilio polo tramo superior do camiño, no que debe existir un sinal de indicación S-11.a, pola posibilidade de poder facer o cambio de sentido no tramo ao que se fai referencia.'*



*Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Desestimar polos motivos expostos o recurso de reposición formulado por Guadalupe Portela Cordeiro e Emilio Ballesteros Casal.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados/as, advertíndolle que, como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa pode interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da concelleira de Seguridade, Tráfico, Policía Local e Protección Civil, referente a resolución de recurso de reposición formulado por Guadalupe Portela Cordeiro e Emilio Ballesteros Casal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados/as e á Policía Local.

#### 5.D) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/REGULACIÓN DE TRÁFICO FRONTE AO EDIFICIO FREIXO, Nº 19.

Visto o escrito presentado o día 27.9.13 por ANTONIO GRAÑA GARCÍA, con enderezo no Freixo, nº 11-Coiro, no que demanda a regulación do sentido da circulación en Aldea de Arriba.

Visto, así mesmo, o informe emitido pola Policía Local o día 7.10.13, no que se indica o seguinte:

*"Nº Rex.: 2309/13*

*Os axentes da Policía Local de Cangas, con número de identificación profesional 052007 e 052027, por medio do presente, informan:*

*Que vista a solicitude feita por Antonio Graña García, e que se achega coa presente dilixencia, fronte ao edificio arriba indicado, o conveniente sería sinalizar con dirección prohibida a entrada pola esquerda, deixando o tráfico nun sentido único, que bordea os edificios nº 1, 3, 5, 11 e 19, na zona de Aldea de Arriba, entrada a Longán e acceso ao Freixo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado, á Policía Local e á Oficina Técnica Municipal.

5.E) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "NÓS" S/SINALIZACIÓNS DIVERSAS.

Visto o escrito presentado o día 17.1.13 pola Asociación de Veciños "Nós" de San Pedro-Cima de Vila, con enderezo na Avda. de A Coruña, nº 115-Darbo, no que reclaman sinalizacións diversas.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 22.1.14 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

*"R.S. 123/14*

*A Policía Local de Cangas, por medio do presente informe fai constar que con relación a escrito presentado por ASOCIACIÓN DE VECIÑOS 'NÓS' de San Pedro, e tal e como consta no seu pedimento a sinalización aprobada en Xunta de Goberno non foi colocada nos puntos indicados na data actual.*

*Con relación ao sinal de tráfico tirada no Castelo, pasouse aviso ao Departamento de Sinalización.*

*Con relación ao pintado e 'ceda o paso' na Cruz de Castro, procede a sinalización solicitada.*

*No referente á sinalización na travesía que une Enseñanza con Avda. de A Coruña faise constar que xa foi aprobada en Xunta de Goberno, descartando que sexa peonil."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar a sinalización solicitada pola referida asociación veciñal, e quedar informada do informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

SEGUNDO.- Comunicar á Asociación de Veciños "Nós", que se procederá á realización das sinalizacións solicitadas cando as condicións metereolóxicas o permitan, a excepción da zona peonil, onde se situará un sinal de 'prohibido o paso agás residentes'.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Asociación de Veciños "Nós", á Policía Local e á Oficina Técnica Municipal.

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

### **6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

#### **6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
ALBERTO GONDAR JANEIRO ESTHER SANTOS VARELA Escote, nº 32-Darbo-36.949 CANGAS-PONTEVEDRA	AVAL	10.903,85 €	EXPEDIENTE Nº 23.306

### **7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.**

#### **7.A) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó AUTO Nº 129/2013 DITADO POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 424/2012.**

Dase conta de proposta da Alcaldía o día 27.1.14, referente ó auto nº 129/2013, ditado polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 424/2012, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó AUTO Nº 129/2013 DITADO POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 424/2012.*

*Visto o Auto nº 129/2013 ditado o día 7.10.2013 polo Xulgado do Contencioso-Adminlstrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento Abreviado nº 424/2013, instruído a instancia da mercantil "FARO DE VIGO, S.A.U."*

*Visto que en dito auto homológase a transacción xudicial acordada entre a mercantil reclamante "FARO DE VIGO, S.A.U.", e o Concello de Cangas no sentido de que este concello aboaríaa cantidade de SETE MIL CENTO CATORCE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (7 114,97 €) no mes de marzo de 2014 sen xuros nin custos.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte*  
**ACORDO:**

*Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de SETE MIL CENTO CATORCE EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (7 114,97 €) a favor da mercantil "FARO DE VIGO, S.A.U.", con CIF nº A36600815, con cargo á aplicación 920-220.01 do vixente orzamento de gastos.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería para os efectos de que se realicen os trámites oportunos e se proceda ó pago da cantidade adebedada no mes de marzo de 2014."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ó auto nº 129/2013, ditado polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 424/2012.

7.B) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO Nº 84/2013 DITADO O día 7.6.2013 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 224/2012.

Examinada a proposta da Alcaldía o día 31.1.14, referente ao auto nº 84/2013 ditado o día 7.6.2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 224/2012, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó AUTO Nº 84/2013 DITADO O día 7.6.2013 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 224/2012 (X-12/26).*

*Visto o auto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 224/2012, instruído a instancia da mercantil "EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A." (ESYCSA), en reclamación cantidade contra o Concello de Cangas.*

*Visto que o dito auto homologa a transacción xudicial e aproba o plan de pagos no que o Concello de Cangas queda obrigado a pagar á reclamante a cantidade de CINCUENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (52 500,00 €), na anualidade 2014, a razón de SETE MIL CINCOCENTOS EUROS (7 500,00 €) mensuais en febreiro, marzo, abril, maio, agosto setembro e novembro.*

*Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de CINCUENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (52 500,00 €), en concepto de principal, a favor de "EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A." (ESYCSA), con CIF nº A15032725, con cargo á aplicación 130-623 do vixente orzamento de gastos.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería, para os efectos de que se tramiten os oportunos pagos nos meses que correspondan."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ó auto nº 84/2013 ditado o día 7.6.2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 224/2012.

7.C) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 819/2006 DE 21.09.2003 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 4350/2003 (X-03/10).

Examinada a proposta da Alcaldía o día 31.1.14, referente á sentenza nº 819/2006 o día 21.9.2003, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no procedemento ordinario nº 4350/2003, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 819/2006 DE 21.09.2003 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 4350/2003 (X-03/10).*

*Vista a Sentenza nº 819/2006 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 002 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Procedemento Ordinario nº 4350/2003, instruído a instancia da mercantil "SERAGUA FCC UTE" (agora UTE AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A. E FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A.) pola que se condena a este concello a aboarlle á reclamante a cantidade de SEISCENTOS NOVENTA E SEIS MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON SETE CÉNTIMOS (696 452,07 €) en prazos liñais mensuais durante un período de 10 anos.*

*Polo exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de SESENTA E NOVE MIL SEISCENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (69 645,21 €), en concepto de principal correspondente ao exercicio 2014, a favor de "AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A. E FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. UTE", co CIF nº U36768927, con cargo á aplicación 161-226.99 do vixente orzamento de gastos.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente á

sentenza nº 819/2006 o día 21.9.2003, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no procedemento ordinario nº 4350/2003.

7.D) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO DECRETO DITADO O día 14.01.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 377/2012.

Examinada a proposta da Alcaldía o día 31.1.14, referente ao decreto ditado o día 14.2.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 377/2012, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó DECRETO DITADO O día 14.01.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 377/2012 (X-12/36).*

*Visto o Decreto ditado polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 377/2012, instruído a instancia de "MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.", en reclamación de responsabilidade patrimonial contra o Concello de Cangas.*

*Visto que o dito decreto aproba a liquidación de xuros na contía de CENTO VINTE E NOVE EUROS CON SESENTA E DOUS (129,62 €). Polo exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de CENTO VINTE E NOVE EUROS CON SESENTA E DOUS (129,62 €), en concepto xuros, a favor de "MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.", con CIF nº A28141935, con cargo á aplicación 920-352 do vixente orzamento de gastos.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao decreto ditado o día 14.2.2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 377/2012.

7.E) DAR CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A SENTENZA Nº 48/2014 DITADA POLO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 600/2013.

Examinada a proposta da Alcaldía o día 31.1.14, referente a sentenza ditada o día 23.1.2014 polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo, no procedemento ordinario nº 600/2013, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 48/2014 DITADA POLO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 600/2013 (X-13/16)*

*Vista a Sentenza nº 48/2014 ditada o día 23.01.2014 polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo, no procedemento ordinario 600/2013, instruído a instancia de Manuel Castro Sotelo, en reclamación de indemnización por incapacidade permanente derivada de accidente laboral.*

*Visto que a sentenza exime ó Concello de Cangas da obriga de aboar ó reclamante a indemnización solicitada argumentando que a incapacidade permanente aínda non é definitiva.*

*Visto que a mesma sentenza recoñece a obriga do Concello de Cangas de ter subscrita unha póliza de seguro colectivo de accidentes, que como previsión social complementaria establecida por medio da negociación colectiva, resulta obrigatorio o seu mantemento.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte*

*ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 48/2014 ditada o día 23.01.2014, polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo, no procedemento ordinario 600/2013, instruído a instancia de don Manuel Castro Sotelo, en reclamación de indemnización por incapacidade permanente derivada de accidente laboral.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a sentenza ditada o día 23.1.2014 polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo, no procedemento ordinario nº 600/2013.

**URXENCIAS:**

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

**A) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE PRODUTOS DE LIMPEZA (LOTE Nº 1)**

Vista a proposta da Alcaldía o día 3.2.14, referente á adxudicación do acordo marco para a subministración sucesiva de produtos de limpeza (lote nº 1), que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE PRODUTOS DE LIMPEZA (LOTE Nº 1)*

*Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do acordo marco para a subministración sucesiva de produtos de limpeza (lote nº 1).*

*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'ROYAL MAYLINE, S.L.', con CIF nº B15133259, por resultar ésta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas.*

*Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva e aboou os gastos do anuncio de licitación.*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Adxudicar á empresa 'ROYAL MAYLINE, S.L.', con CIF nº B15133259, o acordo marco para a subministración sucesiva de produtos de limpeza (lote nº 1), nas condicións ofertadas na súa proposta:*

- Rebaixa de un 5% nos prezos unitarios sinalados no prego de prescricións técnicas.*
- Prazo de entrega dos produtos a subministrar: 24 horas.*

*Segundo.- Dispoñer, en contía de ONCE MIL CEN EUROS (11.100,00 €), o gasto que para este concello representa a devandita contratación.*

*Terceiro.- Nomear responsable deste contrato ó concelleiro de Facenda, Pío Millán Blanco, quen se encargará de tramitar os pedidos e de comunicar ó órgano de contratación calquera incidencia que xurda na execución do contrato.*

*Cuarto.- Notificar a 'ROYAL MAYLINE, S.L.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.*

*Quinto.- Notificar aos licitadores, que non resultaron adxudicatarios, o resultado deste procedemento.*



*Sexto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do órgano de contratación.*

*Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

*Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente á adxudicación do acordo marco para a subministración sucesiva de produtos de limpeza (lote nº 1).

## **B) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE ROUPA DE TRABALLO (LOTES Nº 2 E Nº 3)**

Dase conta de proposta da Alcaldía o día 3.2.14, referente a adxudicación do acordo marco para a subministración sucesiva de roupa de traballo (lotes nº 2 e nº 3), que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE ROUPA DE TRABALLO (LOTES Nº 2 E Nº 3)*

*Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do acordo marco para a subministración sucesiva da uniformidade da Policía Local e Protección Civil (lote nº 2) e roupa de traballo para outros departamentos municipais (lote nº 3).*

*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.', con CIF nº B36112043, por ser esta a única empresa que se presentou á licitación e reunir a súa oferta os requisitos esixidos.*

*Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu, relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva e aboou os gastos do anuncio de licitación.*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Adxudicar á empresa 'PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.', con CIF nº B36112043, o acordo marco para a subministración sucesiva da uniformidade da Policía Local e Protección Civil (lote nº 2) e roupa de traballo para outros departamentos municipais (lote nº 3), nas condicións ofertadas na súa proposta:*

- Rebaixa dun 2% nos prezos unitarios sinalados no prego de prescricións técnicas.*
- Prazo de entrega dos produtos a subministrar: 5 días hábiles.*

*Segundo.- Dispoñer, en contía de DEZASEIS MIL CINCOCENTOS EUROS (16.500,00 €), o gasto que para este concello representa a devandita contratación (lote nº 2: 6.000,00 €, para uniformidade de Policía Local e Protección Civil e lote nº 3: 10.500,00 €, para roupa de traballo doutros departamentos municipais).*

*Terceiro.- Nomear responsable deste contrato á empregada municipal, Teresa Casal Rivas, quen se encargará de tramitar os pedidos de uniformidade e roupa, e comunicar ó órgano de contratación calquera incidencia que xurda na execución do contrato.*

*Cuarto.- Notificar a 'PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.*

*Quinto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do órgano de contratación.*

*Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

*Sétimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente á adxudicación do acordo marco para a subministración sucesiva de roupa de traballo (lotes nº 2 e nº 3).

### **C) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/APROCIÓN DE PROXECTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA V".**

Examinada a proposta o día 31.1.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a aprobación de proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA V", que di o seguinte:

## "PROPOSTA

*En virtude da Orde do 23 de decembro de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego, dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2014, considerando de especial importancia a existencia deste tipo de iniciativas de formación e emprego no municipio,*

*PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA V", de 6 meses de duración, con data máxima de inicio o 30 de setembro de 2014 (art. 4.3 da Orde), coas características e especialidades formativas que a continuación se detallan, así como, a achega por parte do concello dun cofinanciamento destinado a sufragar parte dos materiais de obra e prestación dos servizos (punto terceiro):*

<b>ESPECIALIDADES</b>	<b>CÓDIGO</b>	<b>Nº PARTICIPANTES</b>
<i>ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO</i>	<i>SSCS0108</i>	<i>12</i>
<i>INSTALACION E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES</i>	<i>AGA00208</i>	<i>13</i>
	<i>TOTAL</i>	<i>25</i>

*SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar unha subvención para levar a cabo este proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA V", no que se impartirán as especialidades formativas antes citadas, e nas que se desenvolverán as obras e servizos previstos na memoria formativa para un total de 25 alumnos/as-traballadores/as (contrato para a formación e aprendizaxe).*

*TERCEIRO.- Que unha vez que a Consellería de Traballo e Benestar conceda a devandita subvención, o concello aporte con cargo aos exercicios orzamentarios dos anos 2014 e 2015, os fondos necesarios para levar a cabo o mencionado proxecto e sufragar os custos non subvencionados, fundamentalmente os materiais necesarios para a execución das obras e a prestación dos servizos previstos, achegando un cofinanciamento municipal duns 30.000,00 €, que, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, poda ser distribuída nos dous exercicios orzamentarios nos que se execute o proxecto (2014-2015)."*

Advertencia da Sra. interventora:

Nas previsións iniciais do orzamento non existe consignación orzamentaria suficiente para facer fronte á aportación municipal no caso de que sexa concedido o obradoiro, polo que no seu caso deberá realizarse a oportuna modificación orzamentaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a aprobación de proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA V".

**D) INFORME DO CONCELEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/ORGANIZACIÓN DA BIENAL "ARTE NO MORRAZO-XXI EDICIÓN CONCELLO DE CANGAS-FRIGORÍFICOS DO MORRAZO"**

Dase conta de informe do día 3.2.14 do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a organización da bienal "ARTE NO MORRAZO-XXI EDICIÓN CONCELLO DE CANGAS-FRIGORÍFICOS DO MORRAZO", que di o seguinte:

*"D. José Luis Gestido Porto, Concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Concello de Cangas*

*INFORMA:*

*Á Xunta de Goberno Local, da parte do ornamento que corresponde ao Concello de Cangas, derivado da organización da BIENAL ARTE NO MORRAZO -XXI Edición Concello de Cangas-Frigoríficos do Morrazo, que ascende a OITO MIL TRESCENTOS EUROS (8 300,00 €), en concepto de premios, beca e publicación de catálogos, cartelería, cartelas, diplomas e bases."*

Advertencia da Sra. interventora:

Advírtese pola interventora que o expediente carece de fiscalización previa, requisito esencial para a aprobación da proposta de gasto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a organización da bienal "ARTE NO MORRAZO-XXI EDICIÓN CONCELLO DE CANGAS-FRIGORÍFICOS DO MORRAZO".

**E) DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA COMPRENDIDA NO PROXECTO "URBANIZACIÓN E.P. 1001 CANGAS-COIRO-A MADALENA. P.K. 0+760 A 2+100 (CANGAS)"**

Dase conta de sinatura o día 27.1.14 de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para a execución da obra comprendida no proxecto "URBANIZACIÓN E.P. 1001 CANGAS-COIRO-A MADALENA P.K. 0 + 760 A 2 + 100 (CANGAS)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada da sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para a execución da obra comprendida no proxecto "URBANIZACIÓN E.P. 1001 CANGAS-COIRO-A MADALENA P.K. 0 + 760 A 2 + 100 (CANGAS)".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo xunto con copia do convenio á Oficina de Intervención e Oficina Técnica Municipal.

**F) SOLICITUDE DA AUTOESCOLA "BUSACO, C.B.", S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE CONDUCCIÓN EN VIAIS DO CONCELLO DE CANGAS.**

Examinado o escrito de data 22.01.14, presentado por Daniel González Vázquez, representante da Autoescola "BUSACO, C.B.", con N.I.F. nº E-36.464.345, con enderezo en Rozabales, nº 54-Aldán, no que solicita autorización municipal para a realización de prácticas de conducción de vehículos por viais do Concello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder á Autoescola "BUSACO, C.B.", autorización municipal para a realización de prácticas de conducción de vehículos polos viais do Concello de Cangas.

**ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace  
o presidente